



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

RESUMO DA ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE RIBADUMIA.

O obxecto da mesma é regular as competencias en materia de limpeza da vía pública, inspección de limpeza de solares, recollida de residuos sólidos, acumulación, carga transporte e vertido de terras, escombros e materiais similares, regulación, implantación de zonas verdes e dos elementos instalados neles, etc. Dita ordenanza é de obrigado cumprimento para tódolos cidadáns e a autoridade municipal poderá esixir en todo momento o cumprimento da mesma e obrigar ó causante dun deterioro á reparación da afección causada e impoñe-las sancións previstas en dita norma.

Da limpeza das vías públicas:

- Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de produtos.- Queda prohibido votar cigarros, puros, collillas de cigarros ou outros materias prendidos nas papeleiras; deberán depositarse unha vez apagadas debidamente.
- Queda prohibido votar no chan calquera clase de desperdicios dende os vehículos.
- Non se poderá fregar balcón, sacudir alfombras, regar plantas ou limpiarlos elementos constructivos das fachadas se esta operación produce vertidos ou salpicaduras á vía pública, en horarios que causen molestias ou danos ás persoas ou cousas.
- Prohíbese escupir ou face-las necesidades fisiolóxicas na vía pública, beirarrúas ou mobiliario municipal.
- Os particulares deberán manter limpas as beirarrúas particulares, pasaxes particulares, patios interiores de maza, solares de propiedade privada, galerías comerciais e similares.
- Prohíbese vaciar, verter e depositar calquera clase de materias residuais na calzada, beirarrúas, solares sen edificar e rede de sumidoiro; derramar calquera clase de auga sucia sobre as beirarrúas, calzadas, bordes e solares sen edificar; verter calquera clase de produto industrial que poidan ocasionar danos ós pavimentos ou á integridade e seguridade das persoas e das instalacións de saneamento.
- Prohíbese lavar e reparar vehículos, realizar cambios de filtros, aceite, líquido de frenos, etc na vía pública.
- Prohíbese o abandono de mobles e enseres na vía pública, debendo depositarse no "Punto Limpo".
- **Os propietarios de solares e terrenos situados a 25 metros ou menos de calquera edificación existente deberán matelos limpos, libres de**



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

desfeitos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público.- En caso de incumprimento o Concello poderá realizar tal limpeza subsidiariamente realizando ésta con cargo ó obrigado e sen perxuizo das sancións a que de lugar.

- Non se permitirá que calquera tipo de árbore, vexetación ou maleza de terreos particulares invada a vía pública
- Prohíbese a colocación de carteis, pegatinas e pancartas en bens de servizo público como contenedores e marquesiñas.- Os carteis de propaganda de actos ou actividades de interese cidadán requirirán autorización previa..
- Prohíbese a realización de pintadas na vía pública: tanto en calzada, beirarrúas e mobiliario urbán como sobre muros ou paredes exteriores; asemesmo prohíbese espaxer e tirar folletos publicitarios e materiais similares.

Dos residuos sólidos urbáns:

- A presentación dos residuos sólidos domiciliarios farase nos contenedores instalados ó efecto polo Concello e de acordo coa natureza dos mesmos.-
- **Deberá depositarse o lixo en bolsas pechadas e sen líquidos e en condicións tales que non se produzan vertidos de residuos ; as caixas de cartón deberán depositarse no contedor correspondente plegadas ou rotas de forma que ocupe o menor espazo posible.**
- **Non se pode depositar o lixo fora dos contedores.**
- Prohíbese depositar nos contedores normalizados residuos distintos dos expresamente consignado en cada caso (vidro, cartón, enveses e residuos domiciliarios)

Da protección das zonas verdes:

- Todos los propietarios de zonas verdes están obrigados a mante-las en bo estado de conservación.- Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán encontrarse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato, libre de maleza espontánea para que non poidan ser causa de infeccións ou de combustión.
- Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano istalado nas mesmas deberán cumpri-las instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais..
- Queda prohibida toda manipulación das árbores ou plantas; camiñas por zonas axardinadas; pisa-lo céspede de carácter ornamental ou xogar ou deitarse sobre él; cortar flores ou polas; atar ás árbores ciclomotores, bicicletas, carteis ou outros elementos que puideran causar dano ós mesmos; gabear ou subir polos mesmos.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

que existe perigo para os seus usuarios ou en forma en que poidan deteriorarse ou romperse.

- Os papeis e refugallos deberán depositarse nas papeleiras.
- Non se poderá manipular as papeleiras, movelas, voltealas e arrincalas nin facer inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outras actuacións que as deterioreen.
- Os usuarios deberán absterse de facer manipulacións nas fontes que nons sexa a propia do seu normal funcionamento, practicar xogos nas fontes de beber, utilízalas para lavar obxectos ou asearse nelas.
- Nas fontes decorativas non se poderá beber, bañarse, introducirse nas mesmas, practicar xogos nin manipular os seus elementos decorativos.
- Non se permitirá subirse, abanearse ou pintar sobre as sinais, farois, estatuas ou elementos decorativos, nin facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos.
- **Non se permitirá actuacións ou obras, recheos, verquidos de escombros, etc que poidan altera- lo cauce de auga de ríos, riachuelos, regatos, etc, nin verter líquidos ou substancias contaminantes en ditos cauces.**

Infracción e sancións.-

* No caso de incumprimento das normas anteriores a Ordenaza prevé o apercibimento e a imposición de sancións dende 30 € ata 1.502, 00 €, segundo a natureza da infracción cometida: leve, grave ou moi grave.

Ribadumia, xuño de 2007

Cechos aceros